

Faro *da* Cultura



Paisaxe con viñedos na Ribeira Sacra, na confluencia do Miño e mais o Sil.

FOTO: ELI REGUEIRA

Defendía Vicente Risco en *Teoría do nacionalismo galego* (1920) a condición de Galiza como rexión xeolóxica e engadía: “A nosa paisaxe ten xa unha caracterización ben marcada, un enxebrismo que se colle ao primeiro ollar”. Tal observación, que daquela e durante moito tempo podía parecer conservadora –que o era–, chocaba coa palabra sagrada do libro da *Xénese* que establece que Deus creou a terra –coas plantas e mais os animais– para que o home os posuíse e os dominase. Unha explicación que foi tomada como mandato cando o capitalismo se impuxo como sistema económico no século XIX.

Resultaría ilusorio pensar que a acción humana non pode transformar a natureza polo valor primixenio e superior desta. Resulta claro, pois, que podemos e debemos intervir nela na procura dun proveito colectivo gardando –iso si– as reservas necesarias para as xeracións futuras. Pero tal desexo non entra nos esquemas capitalistas en tanto que estes consideran o proveito privado como o principal obxectivo.

E é neste asunto cando aparece a paisaxe como elemento residual e transformable, ou central e a conservar. Na progresión

Valorar o medio

Teoría da paisaxe galega

JOAQUIM VENTURA

das enerxías limpas –é dicir, as que non deixan residuos– non podemos considerar como tales as que afectan á paisaxe: montañas, ríos, praias, aldeas. E así como anos atrás os intereses privados se camuflaron como colectivos para impoñer encoros en ríos (Belesar, Castrelo do Miño), a explotación mineira (As Encrobas) ou a desecación para agricultura (Antela), nos nosos días as empresas enerxéticas promoven a enerxía eólica á costa de sacrificar –cos muíños– os cumios das serras. Non será enerxía limpa a que estraga a obra da natureza, é dicir a que estraga a paisaxe.

Volvendo ás palabras de Risco, o conservacionismo non é contrario ao uso da natureza pola acción humana. De feito, moitas paisaxes a preservar son –cabería dicir– non naturais. As paisaxes vinícolas, por exemplo, moitas veces impostas con harmonía ao medio natural durante séculos (velaí a Ribeira Sacra ou o Priorat catalán) ou a dominación dos deltas con cultivos de arroz, compatibles coas zonas de paso das aves e a preservación de praias.

Agora Galiza engádese a outras terras da península Ibérica na tarefa de preservar a paisaxe. A Xunta vén de promover o Consello Asesor da Paisaxe, adscrito á consellería de Medio Ambiente e formado por órganos da administración, empresas enerxéticas e de infraestruturas, universidades, organismos de patrimonio e de ordenación forestal, concellos e colectivos sociais do sector.

Galiza precisa manter a integridade das áreas singulares que xa teñen algún tipo de protección (Parque de Illas do Atlántico, Ribeira Sacra) e doutras que a esixen con urxencia (como as Fragas do Eume). Sen esquecer, obviamente, tantas outras zonas non tan espectaculares pero igualmente importantes (a rede fluvial, os Ancares, O

Courel) e a restauración de espazos que nos anos pasados foron agredidos pola acción especulativa (os vigueses, de berce ou de corazón, temos unha espiña cravada en Toralla).

Un proxecto que –máis alá dunha declaración de boas intencións– non pode estar orientada exclusivamente a unha orientación de proveito turístico nin de monitoraxe administrativa. Non esquecemos que o proxecto que a Xunta presentou en 2015 para as Fragas do Eume foi contestado por concellos, labregos e ecoloxistas. E ter preocupación pola paisaxe supón, en paralelo, vixiar a súa integridade fronte ás agresións forestais que con frecuencia levan á destrución polo lume (xa advertidos nos anos vinte polos enxeñeiros da Misión Biolóxica de Galiza, con Cruz A. Gallastegui á cabeza).

E defender a paisaxe e tamén facelo verbo de vilas e espazos urbanos singulares e restaurar as consecuencias de estragos pasados. Tal posibilidade quedou demostrada en Cataluña coa eliminación do Club Mediterrané –urbanización para ricos falsamente ecoloxista no cabo de Creus–, a recuperación da lago de Ivars e Vila-sana ou a remodelación do volcán Croscat.